



Axudas concedidas 2012



AUMENTO DO VALOR ENGADIDO DOS PRODUTOS FORESTAIS

Posta en marcha dun viveiro forestal de castiñeiro. Os investimentos recollen tanto as actuacións para adecuar a parcela, como adquisición das plantas nai e de diversa maquinaria para o traballos forestal.

Promotor: Río Queiro SL (Boimorto)

Investimento: 127.949,80 €

Axuda: **36.368,36 €**

Creación dun emprego



PRODUCCIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE ÁRBORES ORNAMENTAIS

Posta en marcha de dous novidosos sistemas de cultivo nun viveiro de árbore ornamental: os sacos controladores de raíces e os airpots, mellorando o ritmo de crecemento dos plantóns e simplificando o proceso de saca dos mesmos.

Promotor: Agro das Seboas SL (Santiso)

Investimento: 168.182,92 €

Axuda: **47.536 €** (28.521,60 €)

Consolidación de tres empregos



DINAMIZACIÓN TURÍSTICA DA MAN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS EN TOURO

Mellora da oferta turística de Touro a través do deseño dunha aplicación para móbiles android e iPhone chamada “Touro Turismo”. A aplicación incrementa o valor engadido das dúas rutas homologadas de sendeirismo (PRG93 e PRG121) que transcorren pola ribeira dos ríos máis emblemáticos do municipio, así como unha variante do Camiño de Santiago utilizada por ciclistas. O proxecto tamén inclúe a habilitación dunha área de autocaravanas para atraer esta tipoloxía de turista.

Promotor: Concello de Touro

Investimento: 38.048,31 €

Axuda: **28.268,95 €**



DINAMIZACIÓN TURÍSTICA DO CONCELLO DE TOQUES

O proxecto consiste na creación, dixitalización e homologación de tres novas rutas de sendeirismo (PRG166, PRG167 e PRG168) que pasan polos principais puntos de interese do concello: Ruta da fervenzas, na cal destacan os distintos recursos naturais; Ruta dos megalitos, centrada nas mostras do paleolítico existentes no concello e Ruta da ermida, onde o máis sobresaínte é o patrimonio arquitectónico relixioso e a paisaxe da Serra do Careón, Rede Natura 2000.

Promotor: Concello de Toques

Investimento: 100.242,87€

Axuda: **82.845,35 €**



POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO DE O PINO A TRAVÉS DUNHA AUDIOGUÍA VIRTUAL

Recollida nunha audioguía virtual do patrimonio máis importante do municipio contida nunha pequena PDA, a disposición da poboación local, os visitantes e os peregrinos. O contido está organizado a partir de tres itinerarios: a senda fluvial do río Mera con información botánica das especies autóctonas, a senda panorámica do Picón, cun miradoiro para contemplar a increíble paisaxe e a senda cultural da montaña, centrada na arquitectura tanto civil como relixiosa.

Promotor: Concello de O Pino

Investimento: 127.917,00 €

Axuda: **108.404,24 €**
(27.101,06 €)



CENTRO DE CONTROL, EXPERIMENTACIÓN E ENXEÑERÍA ENERXÉTICA

Construción e posta en marcha dun centro de enxeñería aplicada, onde se desenvolverán sistemas avanzados de control de instalacións enerxéticas e se deseñarán e avaliarán sistemas e procesos para a mellora e a optimización de plantas de produción enerxética e medioambiental.

Promotor: Mustallar Enerxías SL (Curtis)

Investimento: 761.720,14 €

Axuda: **250.000 €** (125.000 €)

Creación de tres empregos



CREACIÓN DE TANATORIO E FUNERARIA

Posta en marcha dun negocio de tanatorio e funeraria. Ata o momento da posta en marcha deste proxecto os veciños e veciñas de Touro víanse obrigada a trasladarse a municipios próximos para poder contratar este servizo pola inexistencia do mesmo ata ese momento.

Promotor: Funeraria S. Juan de Touro (Touro)

Investimento: 394.065,00 €

Axuda: **123.729,72 €**

(61.864,96 €)

Creación de tres empregos



AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN EQUINA

Ampliación e mellora dunha explotación de cabalos de salto, coa construción dun picadeiro cuberto que conta con pista de adestramento, varias cortes e cafetería. Con estas instalacións é posible incrementar o número de animais da explotación, mellorar o proceso de doma e prestar novos servizos como as clases de salto ou as exhibicións de demostración.

Promotor: Javier González (Sobrado)

Investimento: 547.131,75 €

Axuda: **173.951,72 €** (139.161,37 €)

Creación dun emprego,
consolidación de outros dous



AMPLIACIÓN DE ACTIVIDADE DE SERVICIOS AGRÍCOLAS

Adquisición de maquinaria e equipamento para a prestación de servizos agrícolas a gandeiros e agricultores do rural galego, o obxectivo consiste en ampliar o parque móbil do promotor para prestar un servizo de maior calidade. Invéstese en: tractor, remolque autocargador de forraxe e cabezal segador. Os equipos adquiridos contan cos últimos avances tecnolóxicos tanto en consumo enerxético e ergonomía, como na calidade do traballo realizado.

Promotor: Ignacio Rodríguez (Curtis)

Investimento: 312.989,10 €

Axuda: **67.000,89 €** (52.930,70 €)

*Creación dun emprego,
consolidación de outro*



MODERNIZACIÓN DE ACTIVIDADE DE SERVICIOS AGRÍCOLAS

Adquisición de maquinaria para a prestación de servizos agrícolas, o obxectivo do promotor é converter esta actividade nunha fonte de ingresos complementaria á explotación gandeira de leite de vacún que rexenta, na busca dunha maior rendibilidade e dun mellor aproveitamento da maquinaria. Invístese en: tractor, remolque autocargador, picadora autónoma de forraxe e cabezal segador de millo.

Promotor: José M^a López (Curtis)

Investimento: 820.684,10 €

Axuda: **170.744,02 €** (86.687,02 €)

Consolidación de dous empregos

